



BOP

17 DE JULIO DE 2009

Nº 163

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU - 1 - 1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Teléf.: 982 26 01 24/25/26 - fax: 982 26 02 05

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Economía e Industria

Departamento Territorial

Resolución do 2 de xullo de 2009 do Departamento Territorial de LUGO pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica que se cita. (Nº expte: IN407A 2008/189-2-7152-AT).

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: Xunta de Compensación da Unidade de Actuación Norte 11 do P.G.O.U. de Lugo.

- Domicilio social: Concepción Arenal, Nº 2, 1º izda 27004, Lugo.

- Denominación: LMT e CT para unidade de actuación Norte 11 e o seu anexo.

- Situación: Concello de LUGO.

- Características técnicas:

• LMT soterrada a 20 kv, consistente en anelar o CT proxectado U.A. NORTE 11, entre o CT depuradora de auga e o CT Inst. Piringalla, cunha lonxitude de 450 metros de conductor tipo RHZ-240.

• CT subterráneo Unidade de Actuación 11, cunha potencia proxectada de 2x630 kva, relación de transformación 20.000/400-230V.

Cumprido-los trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1.955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este Departamento Territorial resolve:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustarán en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 2 de xullo de 2009.- O Xefe Territorial de Lugo, José Luis Somoza Digón.

R. 03957

Consellería do Medio Rural

DELEGACIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA

D. Ramón Juan Fernández Marzán, presidente da Sociedade deportiva de cazadores O Oroso, solicita a segregación de 1.915 hás. de terreos particulares e de monte veciñal en man común da parroquia de Xiá, no Concello de Friol, do tecor Cova da Serpe (LU-10135) e a posterior declaración dun novo tecor societario que abarcaría 2.496,26 hás. da mesma parroquia. O que se fai público para xeral coñecemento co fin de que as persoas ou entidades que se consideren afectadas poidan facer as alegacións que estimen convenientes no prazo de UN MES, dende a súa publicación no BOP.

Lugo, 6 de xullo de 2009.- O Xefe de Servizo, Luis González Vázquez.

R. 03958

Excma. Deputación Provincial

ANUNCIO DE APERTURA DE PLAZO PARA A RECEPCION DE SOLICITUDES DE PARTICIPACION NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE DAS OBRAS QUE SE INDICAN E DE ACORDO COAS CARACTERISTICAS QUE SE SINALAN:

TITULO DA OBRA	VALOR ESTIMADO	PRAZO DE EXECUCION	CLASIFICACION ESIXIDA
XOVE-VIVEIRO.-Mellora e renovación do afirmado da C.P. 2604 "De Xove por Monte a Valcarria" P.K. 13+100 al 18+950 e 6607 "De Infanta a Valcarria" P.K. 0 al 1+710	517.241,38 + 82.758,62 I.V.E.	3 meses	Grupo G) Subgrupo 4) Categoría E)
Nº 78 P.O.S. 2009 OUROL.- Accto. C.P. 3806 "De Oourol A Sixto" P.K. 0,000/4,100	318.965,52 + 51.034,48 I.V.E.	3 meses	Non se esixe
Piscina Municipales de Becerreia	668.690,53 + 106.990,47 I.V.E.	12 meses	Grupo A) Subgrupo 1) Categ. A) Grupo B) Subgrupo 2) Categ. C) Grupo C) Subgrupos 2) 4) 6) 7) 8) e 9) Categ. A) e Grupo I) Subgrupos 1) e 6) Categ. A)

CARACTERISTICAS:

1º.- ENTIDADE ADXUDICADORA.

- a) Organismo: Excma. Deputación Provincial de Lugo.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Fomento.
- c) Domicilio: C/. San Marcos 8., C.P. 27001 Lugo.

2º.- DESCRIPCION DO CONTRATO.

- a) Tipo de contrato: Obras.
- b) Obxecto: A execución das obras sinaladas ao comezo do anuncio.
- c) Prazo de execución: O sinalado para cada obra ao comezo do anuncio.

3º.- TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION.

- a) Número de expediente: O que figura ao comezo do anuncio para cada obra.
- b) Tramitación: Ordinaria.
- c) Procedemento: Negociado con publicidade.

4º.- VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.

O que se sinala para cada obra no comezo do anuncio.

5º.- GARANTIAS.

- a) Provisional: O 3% sobre o valor estimado do contrato sen IVE.
- b) Definitiva: O 5% sobre o importe de adxudicación sen IVE.

6º.- REQUISITOS ESPECIFICOS DO CONTRATISTA.

- a) Clasificación: A esixida para cada obra no comezo do anuncio.
- b) Outros requisitos: Ver prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.

7º.- PRESENTACION DE SOLICITUDES DE PARTICIPACION.

- a) As solicitudes de participación deberán de presentarse polos licitadores durante o prazo de 10 días dende o seguinte á publicación deste anuncio no B.O.P.
- b) Deberán de vir acompañadas da documentación esixida no prego de cláusulas administrativas particulares polo que se rexe a contratación da obra.

8º.- CRITERIOS DE SELECCIÓN.

Os contratistas poderán acreditar a súa solvencia económica e financeira así como a técnica e profesional por calquera dos medios establecidos no art. 64 e 65 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, ou mediante a súa clasificación no caso de ser esixida.

9º.- NUMERO MINIMO DE CONVITES.

O número de candidatos invitados a presentar proposición deberán de ser como mínimo tres. No caso que os candidatos presentados non cumplan os criterios de selección, ou que os que solicitaran a súa participación sexa inferior a ese número, poderase continuar o procedemento cos que reúnan as condicións esixidas.

10º.- PRESENTACION DE OFERTAS.

- a) Data límite de presentación: A sinalada no oficio de convite.
- b) Documentación a presentar: A sinalada no prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.
- c) Lugar de presentación: Rexistro Xeral de 9 a 14 horas da entidade adxudicadora (ver punto 1º).
- d) Admisión de variantes: NON.
- e) Idioma: Castelán e Galego.

11º.- CRITERIOS DE NEGOCIACION.

- a) Prezo.
- b) Melloras sen custo para esta Deputación que han de ser valoradas economicamente.

12º.- APERTURA DE OFERTAS.

- a) Entidade e lugar de apertura: Ver punto 1º.
- b) Prazo: Cuarto día hábil seguinte ao de finalización do prazo de presentación de ofertas ás doce horas.

13º.- GASTOS DE ANUNCIOS.

Correrán por conta dos adxudicatarios.

14º.- OBTENCION DE DOCUMENTACION E INFORMACION:

- a) Entidade e domicilio: Ver punto 1º.
- b) Web: www.deputaciónlugo.org (perfil do contratante).
- c) Teléfono: 982-260078 - 80.
- d) Fax: 982-260268.

Lugo, 13 de xullo de 2009.- O PRESIDENTE, José Ramón Gómez Besteiro.- O SECRETARIO, Faustino Martínez Fernández.

R. 04007

Administración General del Estado
SUBDELEGACION DEL GOBIERNO EN LUGO

Edicto

De conformidad con lo dispuesto en los artículos 59.5 y 61 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común (B.O.E. 285, de 27 de noviembre de 1992), se hace pública notificación de las resoluciones recaídas en los expedientes sancionadores que se indican, dictadas por la Autoridad competente (1), según lo dispuesto, respectivamente, en los artículos 68 del Texto Articulado de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial, aprobado por Real Decreto Legislativo 339/1990 (BOE 63 de 14 de marzo), y 3.2 del Texto Refundido de la Ley sobre Responsabilidad Civil y Seguro, aprobado por el Real Decreto Legislativo 8/2004 de 29 de octubre, a las personas o entidades que a continuación se relacionan, ya que habiéndose intentado la notificación en el último domicilio conocido, ésta no se ha podido practicar.

Contra estas resoluciones que no son firmes en vía administrativa podrá interponerse RECURSO DE ALZADA dentro del plazo de UN MES, contado a partir del día siguiente al de la publicación del presente en el Boletín Oficial o Diario Oficial correspondiente, ante el Director General de Tráfico, de conformidad con lo dispuesto en el apartado 1 del artículo 80 de la citada Ley.

Transcurrido dicho plazo sin que se haya hecho uso de este derecho, las resoluciones serán firmes y las multas podrán ser abonadas en período voluntario dentro de los 15 días siguientes a la firmeza, con la advertencia de que, de no hacerlo, se procederá a su exacción por vía ejecutiva, incrementado con el recargo del 20% de su importe por apremio.

AYUNTAMIENTOS

BEGONTE

Anuncio

Aos efectos oportunos, e ao obxecto de dar cumprimento á normativa legal vixente, faise constar que o Pleno desta Corporación Municipal, na sesión de data 3 de xullo de 2009, prestou aprobación as bases que se relacionan a continuación e acordou a correspondente convocatoria pública coa apertura de prazo para a presentación de solicitudes:

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS CULTURAI, DEPORTIVAS E VECIÑAIS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES E SE PROCEDE Á SÚA CONVOCATORIA PARA O ANO 2009.

O Concello de Begonte, a través da presente convocatoria, tenta apoiar ás entidades e asociacións que traballan no eido cultural, deportivo e social, na realización de actividades, aos efectos de contribuír a que acaden os obxectivos para os que foron creadas e fomenta-la participación dos veciños e veciñas, contribuíndo deste xeito a impulsa-la democratización da sociedade.

Artigo 1º.- Finalidade e obxecto.

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións e entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de programas ou actividades culturais e deportivas, conforme ao procedemento que a continuación se establece.

Para os efectos desta convocatoria, entenderase por programas ou actividades culturais e deportivas aquelas destinadas á promoción e cooperación cultural e deportiva e á difusión e animación sociocultural que contribúa ao espallamento e promoción da cultura e o deporte.

O período que se terá en conta para a realización das actividades será o exercicio económico do 2009.

Artigo 2º.- Beneficiarios.

Poderán optar ás subvencións da presente convocatoria as entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar legalmente constituídas.
- Carecer de fins de lucro.
- Estar rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Begonte.
- Desenvolve-las súas actividades no ámbito do Concello de Begonte.
- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao día nas obrigas tributarias co Concello de Begonte, coa Facenda Estatal e coa Seguridade Social.

Artigo 3º.- Contía.

O Concello de Begonte destinará unha cantidade máxima de 15.000,00 euros con cargo á partida 4.48 do

orçamento do ano 2009, e dentro do crédito global destinado a "familias e institucións sen fins de lucro".

As entidades poderán solicitar só unha subvención como máximo. A subvención concedida poderá financiar ata o 100% do orzamento de gastos presentados, sen que en ningún caso supere os 1.000,00 euros.

O importe das axudas en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente, ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

Artigo 4º.- Presentación de solicitudes, prazo e documentación.

As Asociacións que desexen acollerse a esta convocatoria deberán presentar a correspondente solicitude, segundo o modelo normalizado que se facilitará ao efecto, no Rexistro Xeral do Concello, ou por calquera dos medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, no prazo de corenta días naturais seguintes á publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

Á solicitude xuntarase a documentación que a continuación se relaciona:

- Acreditación de que o/a asinante da solicitude actúa en nome e representación daquela.
- Memoria na que se detallan as actividades polas que se solicita a axuda así como un orzamento detallado de gastos e o importe da axuda solicitada.
- Certificado do nº de conta bancaria da Asociación á que se ten que efectúa-la transferencia.
- Certificados expedidos pola Facenda Estatal e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de encontrarse ao corrente das obrigas fiscais e da Seguridade Social.
- Certificado que acredite encontrarse ao corrente das súas obrigas fiscais con este Concello.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións establecidas polos artigos 13.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- Certificación do número de socios.
- Calquera outra documentación que o solicitante considere de interese para a avaliación da devandita solicitude pola Comisión.

O Concello de Begonte xestionará de oficio o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración Local, así como de estar inscritas no rexistro municipal de asociación.

Artigo 5º.- Emenda de solicitudes.

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase ao solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou xunte os documentos preceptivos, coa advertencia de que de non o facer considerárase que desistiu da súa solicitude, segundo o disposto no artigo 71 da Lei

30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e de acordo co previsto nos artigos 42 e 92 da citada Lei.

Artigo 6º.- Instrucción e selección de solicitantes.

A concesión de subvencións realizarase mediante o réxime de concorrencia competitiva, por Resolución da Alcaldía, a proposta motivada da Comisión avaliadora.

A Comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

- Presidente: Alcalde-Presidente do Concello.

- Vogais:

Concelleira de Cultura e Deportes, Dª Mª Teresa Ares Ares.

Voceiro do grupo municipal do PP, ou persoa en quen delegue.

Voceiro do grupo municipal do BNG, ou persoa en quen delegue.

- Secretario: O da Corporación ou persoa en que delegue.

A comisión valorará os expedientes consonte aos seguintes criterios:

- A orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade a desenvolver, ata 8 puntos.

- A continuidade e estabilidade da actividade, ata 5 puntos.

- O interese sociocultural da actividade, ata 5 puntos.

- O número estimado de persoas que poidan ser beneficiadas coa realización do programa ou actividade, ata 5 puntos.

- Maior número de socios, ata 5 puntos.

- A participación de persoas con minusvalía, ata 5 puntos.

Artigo 7º.- Resolución.

A comisión de valoración estudiará e valorará as solicitudes presentadas e emitirá unha proposta de resolución motivando os criterios de reparto, e o Alcalde ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e o importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe da axuda concedida e a contía desta.

Artigo 8º.- Pagamentos e xustificación.

Os beneficiarios da subvención quedarán obrigados a xustificar o importe total concedido, antes do 15 de decembro de 2009, mediante a presentación no Rexistro Xeral do Concello, da seguinte documentación:

- Facturas orixinais ou fotocopia compulsada das mesmas.

- Un exemplar do programa, cartel anunciador e fotografías ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade subvencionada.

- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

- Declaración xurada expedida polo perceptor de que foi cumprida a finalidade para a que se outorgou a subvención conforme ao proxecto presentado.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA.- As axudas para festas patronais quedan excluídas desta convocatoria, regulándose polo establecido nas bases de execución do orzamento de 2009, aprobadas con data 13 de marzo de 2009.

Begonte, 16 de xuño de 2009.- O Alcalde, José Antonio Vázquez García.

R. 03898

LUGO

Téndose instruído expediente, segundo o procedemento especial previsto no artigo 59 do vixente Regulamento de Cemiterio, para o cambio de titularidade da unidade de enterramento nº 04-355 do cemiterio municipal de San Froilán, da que foi titular o falecido D. JOSE GOY PEREZ.

E, de conformidade con informe-proposta da sección de Estatística e Cemiterio, comunicase os herdeiros de Dª Aurelia Goy Feijoo, segundo declaran os restantes herdeiros, resultan ilocalizables, que a tenenta de Alcalde Delegada da Area de Servizos Xerais, vai proceder a outorgar o cambio de titularidade da devandita unidade de enterramento nº 04-355 do cemiterio municipal de San Froilán a favor da solicitante Dª María Hortensia Goy Feijoo.

O que se lles traslada, como trámite previo á adopción da resolución que corresponda para que, de acordo co establecido no artº 84 da Lei 30/92, do 26 de novembro, no prazo de 10 días, formulen cantas alegacións estimen pertinentes.

Lugo, a 29 de xuño de 2009.- A TENENTE-ALCALDE DELEGADA DA AREA, Luisa Mª Zarzuela González.

R. 03876

Téndose instruído expediente, segundo o procedemento especial previsto no artigo 59 do vixente Regulamento de Cemiterio, para o cambio de titularidade da unidade de enterramento nº 04-453 do cemiterio municipal de San Froilán, da que foron titulares os falecidos MANUEL DIAZ JUL e BALDOMERO DIAZ JUL.

E, de conformidade con informe-proposta da sección de Estatística e Cemiterio, comunicase os herdeiros de D. Baldomero Díaz Jul, segundo declaran os restantes herdeiros, resultan ilocalizables, que a tenenta de Alcalde Delegada da Area de Servizos Xerais, vai proceder a outorgar o cambio de titularidade da devandita unidade de enterramento nº 04-453 do cemiterio municipal de San Froilán a favor da solicitante Dª María Isabel Díaz Dios.

O que se lles traslada, como trámite previo á adopción da resolución que corresponda para que, de acordo co establecido no artº 84 da Lei 30/92, do 26 de novembro, no prazo de 10 días, formulen cantas alegacións estimen pertinentes.

Lugo, a 3 de xullo de 2009.- O TENENTE-ALCALDE DELEGADO DA AREA DE INFRAESTRUTURAS, ACTUANDO COMO SUPLENTE DA TENENTA-ALCALDE DELEGADA DA AREA DE SERVIZOS XERAIS, José Fernando Piñeiro Díaz.

R. 03877

—
Anuncio

Por medio do presente faise público que a tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego, Ilma. Sra. Dª Sonia Méndez García, mediante Decreto 93/2009 do Libro de Resolucións en materia de contratación e fomento do 9 de xullo de 2009.

RESOLVEU:

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, mediante a publicación da presente resolución no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Lugo e no taboleiro de edictos, das subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de material educativo no segundo ciclo de educación infantil para o curso escolar 2009-2010.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 21.500 euros a que ascende o importe total das subvencións que outorgarán dacordo coa partida 4220.481.09 co vixente presuposto do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- A presente convocatoria rexerá polo establecido nas seguintes BASES POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A FAMILIAS CON ESCASOS RECURSOS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL EDUCATIVO NO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL PARA O CURSO ESCOLAR 2009-2010.

1º.- Obxecto e finalidade da subvención.

As presentes bases teñen por obxecto a concesión de subvencións a familias con escasos recursos para a adquisición de libros de texto e material educativo (fichas, estuches, mochilas e material de papelería) para Educación Infantil, para alumnos matriculados en centros sostidos con fondos públicos.

2º.- Contía que se vai subvencionar.

O importe total destinado a estas axudas ascende a 21.500 euros.

A contía individual das axudas será como máximo de 80 euros, a convocatoria financiarase con cargo á partida 4220.48109 do vixente presuposto do Concello de Lugo.

3º.- Beneficiarios.

As axudas poderán ser solicitadas polas familias dos alumnos que reúnan os seguintes requisitos:

3.1. Estar empadroadado no municipio de Lugo.

3.2. Terán preferencia para a adxudicación das axudas aqueles alumnos nos que a renda "per cápita" neta anual do núcleo familiar non supere os 3.000 euros, a partir desta cantidade, axustarase os baremos expresados no punto 6º criterios de valoración.

Para o cálculo da renda familiar a efectos de beca, son membros computables da familia: O pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor no seu caso, o solicitante, os irmáns solteiros menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do 2008 ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores, co certificado municipal correspondente.

3.3. Terán preferencia para a adxudicación das axudas, os alumnos pertencentes a familias numerosas e aqueles en quenes concurran algunha das seguintes circunstancias:

Ser orfos absolutos.

Pertencer a familias en que algún dos membros está afectado de minusvalía legalmente calificada.

Pertencer a familias cuio sustentador se encontre en situación de desemprego ou teña recoñecida a incapacidade permanente absoluta.

Pertencer a familias cuio sustentador principal sexa viuvo, pai ou nai solteiro, divorciado ou separado legalmente.

3.4. Ter presentada a solicitude de reserva de praza ou solicitude de admisión para un posto escolar no centro sostido con fondos públicos no Concello de Lugo.

3.5. Non gozar doutras axudas, bolsas ou subvencións de igual ou semellante finalidade outorgada por organismos ou institucións públicas ou privadas.

3.6. A renda familiar a efectos de beca obteráse por agregación das rendas do exercicio 2008 de cada un dos membros computables da familia que obteñan ingresos de cualquier natureza. No caso de non ter cumprimentada a renda dese exercicio, presentarase a do ano 2007.

Para o cálculo da renda familiar a efectos de beca, son membros computables da familia: O pai, a nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor no seu caso, o solicitante, os irmáns solteiros menores de vintecinco anos e que convivan no domicilio familiar a 31 de decembro do 2008 ou os de maior idade, cando se trate de persoas con discapacidade física, psíquica ou sensorial, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que os anteriores, co certificado municipal correspondente.

No caso de solicitantes que constitúan unidades familiares independentes, tamén se consideran membros computables o cónxuxe ou a persoa á que estea unido por análoga relación, así como os fillos, se os houbera.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos pais, non se considerará membro computable aquel de eles que non conviva co solicitante da beca, sen perxuício de que na renda familiar se inclúa a súa contribución económica.

Terá a consideración de membro computable, no seu caso, o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación cujas rendas e patrimonio se incluírán dentro do cómputo da renda e patrimonio familiares.

3.7. Ter presentada a solicitude de reserva de praza ou solicitude de admisión para un posto escolar no centro sostido con fondos públicos no Concello de Lugo.

4º.- Forma e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes dos interesados presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou ben utilizando os medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo de 20 DÍAS contado a partir do día seguinte ó da publicación destas no D.O.G., que tamén se publicarán no Boletín Oficial da Provincia e se inserirán no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello, acompañada dos documentos e informacións que procedan, agás por causas forzosas e debidamente xustificadas que impidan a presentación da solicitude no prazo establecido.

O interesado deberá acompañar a solicitude da seguinte información:

Solicitude en modelo específico subscrita polo interesado.

Fotocopia do NIF da persoa solicitante.

Fotocopia do Libro de Familia ou, de ser o caso, da resolución xudicial ou administrativa pola que se lle confía a garda e protección do/s menor/es do solicitante.

Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais, ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario da subvención conforme o establecido no artigo 13.7 da Lei 38/2003.

Certificación de estar ó corrente das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal; e certificación de estar ó corrente das obrigas coa Seguridade Social. A unidade administrativa recabará de oficio da Tesorería Municipal a información de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias municipais. Asimesmo comprobará, previa autorización do interesado, a circunstancia de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias fronte ó Estado e Comunidade Autónoma de Galicia.

Certificación expedida pola Delegación de Facenda expresiva da declaración da renda do exercicio 2008.

No caso de que os membros da unidade familiar computables para efectos económicos figuren inscritos como demandantes de emprego no INEM deberán pre-

sentar certificación deste organismo expresivo da percepción ou non percepción de prestacións e, de ser o caso, da súa contía.

En caso de que os membros da unidade familiar computables para efectos económicos perciban outros ingresos, deberán indicar a súa natureza, contía e xuntar a documentación que o acredite, no caso da súa existencia.

Certificación ou certificacións do centro onde o alumno/s realicen os estudos e na que se xustifique o curso no que están matriculados.

Xustificante padroal de convivencia dos membros da unidade familiar.

Certificación do organismo correspondente, en caso de que algún dos membros da unidade familiar padeza algún tipo de minusvalía.

Declaración xurada das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas polo solicitante por parte doutras entidades públicas para o mesmo fin. (ANEXO I).

Memoria explicativa da actividade que se vai a levar a cabo.

5º.- Procedemento.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nas presentes bases axustaráselle ó establecido nos artigos 28, 29 e 30 da ordenanza municipal de subvencións coas seguintes precisións:

Presentadas as solicitudes no Rexistro Xeral Municipal remitírselle á Sección de Cultura e Educación que procederá en función do obxecto e finalidade da subvención solicitada.

O órgano instructor será un/unha técnico/a competente da Delegación Municipal de Educación, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza municipal de subvencións.

A Comisión de Valoración constituída para o efecto terá a seguinte composición:

Presidente/a: A concelleira de Educación.

Vocais: A pedagoga municipal.

Secretario: Persoal do servizo correspondente designado para o efecto.

De conformidade co establecido na base 24ª das bases de execución do presuposto municipal, o órgano competente para resolver o procedemento é a Ilma. Sra. tenente de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Educación.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ó da publicación da convocatoria no D.O.G. e no Boletín Oficial da Provincia. Transcorrido dito prazo sen que se adopte resolución expresa, poderase entender desestimada. A resolución porá fin á vía administrativa, e contra ela os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de

Lugo. A notificación da resolución do procedemento poderá ser substituída pola súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello de Lugo, en base os artigos 59.6 e 60 da "Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común".

6º.- Criterios de valoración.

O baremo para avaliar as solicitudes terá en conta as seguintes circunstancias: Familia numerosa, unidade familiar monoparental, minusvalidez dalgún dos membros da unidade familiar, ser orfos absolutos, pertencer a familias nas cales o sustentador principal sexa viuvo ou pai/nai solteiros, divorciados ou separados legalmente.

Baremo:

Renda anual familiar de:

0 a 3.000 euros	10 puntos
3.000 a 5.000 euros	8 puntos
5.000 a 7.500 euros	6 puntos
7.500 a 10.000 euros	4 puntos
10.000 a 12.000 euros	2 puntos
12.000 euros en adiante	0 puntos

Por familia numerosa: 10 puntos.

Orfo/a: 10 puntos.

Familiar con minusvalía: 10 puntos.

Por pertencer a familias cuio sustentador principal se encontre en situación de desemprego ou teña recoñecida a incapacidade permanente absoluta: 10 puntos.

Por pertencer a familias cuio sustentador principal sexa viuvo, pai/nai solteiro, divorciado ou separado legalmente: 10 puntos.

7º.- Xustificación do gasto.

Concedida a subvención, e para proceder ó seu cobro, os beneficiarios deberán presentar no servizo correspondente a seguinte documentación:

Memoria explicativa da realización da totalidade do proxecto ou actividade, obxectivo ou adopción do comportamento, con expresa mención dos resultados obtidos e coas indicacións, contidos e documentos que se determinen nos acordos reguladores da convocatoria ou na concesión da subvención.

Facturas e demais documentos de valor probatorio, de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D. 1.496/2003, do 28 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal ou fotocopia dilixenciada. Os documentos presentados deberán ser validados e selados polo servizo municipal xestor do expediente administrativo cun selo existente para o efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto.

Certificado escolar onde conste que o alumno/a está matriculado para o curso 2009/2010, coa indicación do curso e do centro docente.

A data límite para xustificar-la subvención concedida será a do 30 de outubro, do exercicio económico correspondente á súa concesión, agás por causas forzosas e debidamente xustificadas que impidan a presentación da xustificación no prazo establecido. No caso de non presenta-la xustificación dentro deste prazo, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

Non se realizarán pagamentos a conta nin anticipados.

8º.- Revogación.

A adxudicación das axudas será revogada total ou parcialmente no caso de que se comprobese que na súa concesión concorreu ocultación ou falsidade de datos, ou que existen incompatibilidades con outros beneficios desta clase procedentes doutras persoas físicas ou xurídicas.

CUARTO.- Que se proceda á publicación do anuncio destas bases no Diario Oficial de Galicia, do seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia; no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación no DOG será a data a ter en conta aos efectos de presentación de solicitudes con indicación que esta pon fin á vía administrativa, en contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998 do 13 de xullo) nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin a vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Non obstante o anterior, e con carácter previo a presente resolución poderá interpoñer:

O recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 39/1991 de 26 de novembro ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

A concelleira delegada, M^a Dolores Vieiro Núñez.

R. 04011

ANUNCIO DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE CONTRATO

En cumprimento do disposto no artigo 135.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, faise pública a adxudicación provisional do contrato que a continuación se sinala:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) Tipo de contrato: Obras.

b) Descrición do obxecto: Realización das obras de peonalización do parque de FRIGSA, fase I (09feil 53).

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) Tramitación: Urxente.

b) Procedemento: Aberto.

4.- Tipo de licitación:

a) Orzamento máximo do contrato: O presuposto do contrato é de 687.000 euros, IVE INCLUIDO.

5.- Adxudicación provisional:

a) Data: 09-07-2009.

b) Contratista: ANTALISIS, S.L.

c) Nacionalidade: Española.

d) Orzamento máximo do contrato: 687.000 euros, IVE incluído.

Lugo, 9 de xullo de 2009.- O ALCALDE, P.D. A TENENTE ALCALDE DELEGADA DE AREA, SONIA MENDEZ GARCIA.

R. 04012

—
RIBADEO

Anuncio

Faise público que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 17 de xuño de 2009, por unanimidade dos seus membros presentes acordou prestar aprobación ás bases para uso das salas de exposicións municipais, cuxo texto é o seguinte:

BASES DAS CONDICIÓNS DE USO DAS SALAS DE EXPOSICIÓNS DO CONCELLO DE RIBADEO (FORTE DE SAN DAMIÁN, OMIC, SALA DO PARQUE DE SAN FRANCISCO e CASA DE EL VIEJO PANCHO).

Art. 1.- Obxecto.- As presentes bases teñen por obxecto a fixación con carácter provisional das condicións de uso das salas de exposicións de titularidade do Concello de Ribadeo, baixo os principios de publicidade e concorrencia a tenor das experiencias de utilización, anteriores e garantindo o coñecemento polos interesados das condicións e os criterios de utilización das salas referidas, en tanto non se proceda á aprobación dunha ordenanza de uso das mesmas.

Art. 2.- Procedemento.

1. Período de solicitude e documentación a presentar: A persoa, física ou xurídica que desexe expoñer nas salas municipais deberá solicitalo no Rexistro Xeral, sito na Casa do Concello (Praza de España 1, 27700 Ribadeo) cunha antelación máxima de 6 meses, á data solicitada para a exposición. Dirixirá unha solicitude á Concellería Delegada de Cultura conforme ao modelo normalizado que figura nestas bases como anexo e indicando o motivo da petición da exposición coa documentación seguinte:

- Fotocopia do DNI.

- Reprodución en calquera soporte dunha mostra da súa obra (catálogos, cd, fotografías, reseñas xornalísticas...).

- Modelo de solicitude normalizada cuberto.

Art. 3.- A selección.

A escolla de artistas para a autorización da exposición solicitada realizarase pola Concellería-Delegada de Cultura, e a súa decisión será motivada, recabando, de se-lo caso o asesoramento artístico que poida considerarse procedente.

A Concellería Delegada, para motiva-la súa resolución, ademais dos criterios estético-artísticos que considere oportunos, e da traxectoria artística acreditada polo solicitantes, valorará prioritariamente, co obxecto de potenciar a creatividade nas artes plásticas no Concello de Ribadeo, factores como:

a) Ser ribadense ou estar residindo no Concello de Ribadeo.

b) Non ter realizado anteriormente exposicións, ou o tempo transcorrido dende a derradeira.

c) Pertencer a colectivos de acción solidaria, colectivos desfavorecidos socialmente, ou outras causas relevantes de carácter social, etc.

d) Establécese como criterio expreso de selección ou preferencia o feito de que o artista solicitante non tivese exposto no último ano en calqueira das salas.

Establécese non obstante unha reserva expresa por parte da Concellería de Cultura dunha decisión igualmente motivada, noutro sentido se o considera oportuno por razóns de interese social ou artístico, excepciónais da obra a expoñer.

Art. 4.- Duración da exposición.

A duración de cada exposición non excederá, ordinariamente, de 10 días naturais. A Concellería de Cultura poderá aumentar este período, motivadamente, se o considera oportuno por razóns de interese social ou artístico.

As exposicións promovidas polo Concello ou por outros organismos públicos en colaboración con este non estarán sometidas á limitación temporal establecida.

Art. 5.- Reservas de uso a favor do Concello.

O Excmo. Concello de Ribadeo fai unha reserva de prioridade, en todo caso, as salas do Forte de San Damián e da Casa de El Viejo Pancho para a materialización dunha programación propia tendente a identificar determinadas salas cunha oferta de calidade continua. Na medida do posible farase o mesmo co local da OMIC.

Na oferta, porén, figuran as catro salas posto que desde a Concellería de Cultura se pode considerar especialmente interesante a obra dalgún solicitante, conciliando o propósito de programación propia coas iniciativas particulares.

Art. 6.- Compromisos dos solicitantes.

Os solicitantes asumen o compromiso, no caso de ser aceptada a súa petición, de que a autorización outorgada comporta pola súa parte a asunción das correspondentes obrigas:

- A atender pola súa conta a vixilancia, conservación, limpeza, apertura e peche da sala de exposicións, correndo do seu cargo os seguros correspondentes ás obras expostas e sen que exista responsabilidade indemnizatoria do Concello polas mesmas.

- Á cesión gratuita dunha obra da exposición, a escoller polo artista. Tal doazón virá acompañada da ficha técnica da obra.

